

Guión para traballos de lectura e resumo. Curso 2020-21

NOTA: todos os traballos serán realizados **en galego ou en castelán**, a elección do alumnado.
Olo! Non se admitirán as mesturas: estas serán consideradas erros graves.
Presentaranse en folio, debidamente identificados (nome, apelidos, curso e materia) **e respectando as marxes.**

LIBROS DE LECTURA

1. Ficha técnica:

Autor (APELIDOS, Nome:) / Título do libro
 Editorial, e ano

2. Breve resumo do libro: contar de que vai a historia, sen esquecer detalles importantes para entendela!
3. Opinión persoal, ben expresada e xustificada

BANDA DESEÑADA (BD)

1. Ficha técnica:

Autores (APELIDOS, Nome:). OLLO! No cómic sempre hai GUIONISTA e ILUSTRADOR, distinguides quen é cada un deles! / Título do cómic
 Editorial, e ano

2. **Breve resumo do libro:** contar de que vai a historia, sen esquecer detalles importantes para entendela! [Opcional: falade do tipo de debuxo, se é a cor ou en b/n; se o **tipo de debuxo** inflúe na historia...]
3. **Opinión persoal**, ben expresada e xustificada

PELÍCULAS (DVD)

1. **Ficha técnica:** (os datos pódense coller da parte de detrás do DVD, ou ben da Internet, pero comprobando que sexan certos)

Título da película (e **título orixinal***, se o coñecesdes) [*se o film é francés, é fácil que estea en francés... pero comprobar, por se acaso]

Xénero: acción, comedia, drama...

Nacionalidade (Francia, e en caso de ser coprodución, mencionar os países que colaboran) e ano (da película, cando se estrea).

Director [e guionista, opcional]

Actores principais (3-4 máximo, os dos roles protagonistas)

2. **Resumo da película:** contar de que vai, sen esquecer detalles importantes para entendela!
3. **Opinión persoal**, ben expresada e xustificada

MÚSICA (lista de cancións- internet)

1. Ficha técnica (para cada canción):

Autor: (Nome artístico do grupo ou artista) e Título do álbum no que aparecería a canción (se o hai). **Nacionalidade do artista.**

Xénero: clásica, pop, rock...

Ano do disco ou da canción (cando se publicou?)

2. **Información sobre o artista:** contar brevemente quen é (son, se son varios compoñentes do grupo), se son moi coñecidos, cando empezaron no mundo da música e que número de álbum seu é o da canción que escoitastes. **[Pódese consultar nas wikipedias, pero non copiar literalmente!!]**

3. **Breve descrición de cada canción:** se é moi coñecida, de que estilo é, de que fala (se podedes entender algo da letra, ou a mirastes nalgún sitio). Se o ten, contar algo do aspecto visual do clip (videoclip).

4. **Opinión persoal** (indicar se gustan as cancións ou non e a razón, ben expresada e xustificada) e **“Eu recomendo especialmente a canción”...** : indicar de todas as cancións, a que máis gusta.

